



**CONVOCATORIA: ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/TITORES**  
**LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR**

De conformidade co indicado na Resolución do 20 de setembro do 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 188 do 20 de setembro do 2021), a Xunta Electoral deste Centro, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS** do alumnado, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai/titor legal** dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.
2. O censo electoral provisional do alumnado estará exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da entrada do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar en dirección a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 17 de novembro, así como posibles reclamacións ao censo electoral.
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais/titores legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade.
5. Cada pai/nai fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **un menos** da lista de candidatos/as (de presentarse 3, só poderá elixir un máximo de 2; de presentarse 2, só poderá elixir un máximo de 1...) O voto será directo, secreto e non delegado.
6. Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 serán nomeados por un período de 3 anos.
7. As eleccións do sector de Pais/Nais/Titores Legais do Alumnado realizaranse o **martes 23 de novembro de 2021 de 16:30 a 19:00.**

IES BEADE, 4 de novembro do 2021

O director do Centro e presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Xosé Alfredo Naz Fernández

